

A Concellaría de Cultura do Concello da Coruña e a Asociación de Editores Coruñeses teñen o pracer de dirixirse a vostede para convidar ao seu Centro a participar activamente na **I XORNADA DA EDICIÓN** que terá lugar **no Centro Ágora o mércores 17 de decembro**.

Na Xornada **ofértase unha actividade dirixida ao alumnado do 2º ciclo da ESO con horario de 10,30 a 12,30 h.** que incluírá, ademais da proxección dun documental (estrea absoluta) sobre a historia da edición na Coruña, unha mesa de exposición de ilustradores -que estará formada por Miguelanxo Prado, Xosé Cobas e Ali Ali- e da exposición “Como se fai un libro”.

Ademáis, un total de 36 alumnos terán a oportunidade de participar en tres talleres prácticos de ilustración (de 11,30 a 12,30h), polo que será precisa unha preinscrición canalizada a través dos profesores responsables do curso.

Si están interesados en participar na Xornada **poden inscribirse enviando un correo electrónico a editorescoruneses@gmail.com até o venres 12 de decembro**, no que aparezan os seguintes datos: nome do centro, nome do/da profesor/a coordinador/a, teléfono e correo electrónico de contacto, nº de cursos e de alumnos/as participantes e nome dos/das alumnos/as interesados/as en participar nos talleres de ilustración.

A adxudicación farase por orde de chegada das solicitudes e será comunicada por correo electrónico a dirección facilitada a tal fin.

Na actualidade a Asociación de Editores Coruñeses, recentemente creada, está formada por Hércules de Ediciones, Editorial Trifolium, Biblos Clube de Editores, Ediciones del Viento, Edicións Espiral Maior e Edicións Embora.

Agradecéndolle o seu interese persoal e a súa colaboración participando connosco na Xornada matinal deste evento, reciba a nosa gratitude e un cordial saúdo.

A Coruña, a 28 de novembro de 2014

FICHA DE INSCRIPCIÓN DA I XORNADA DA EDICIÓN.

ÁGORA. Mércores 17 de decembro de 2014. 10.30-12.30 h.

NOME DO CENTRO	
NOME DO PROFESOR/A	
TELEFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	
CURSO/S	
Nº DE ALUMNOS/AS	
NOME DOS ALUMNOS INTERESADOS en participar nos Talleres de ilustración:	
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	
11	
12	

A Coruña , a

(sinatura e selo do centro)

ENVIAR A: editorescoruneses@gmail.com até o venres 12 de decembro.